



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Referencia: PEL-PEMES CRE/AMP / 2025

Expediente convocatoria: 2024000033307

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN PARA A CREACIÓN E AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DE PEQUENAS, MEDIANAS EMPRESAS E MICROEMPRESAS (PEL-PEMES CRE/AMP / 2025)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de axudas á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas", e vistos os informes do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de axudas á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2025 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de axudas á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de axudas á contratación para a creación e ampliación

do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ás 09:00 horas do día 17 de febreiro de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 17 de marzo de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS Á CONTRATACIÓN PARA A CREACIÓN E AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DE PEQUENAS, MEDIANAS EMPRESAS, MICROEMPRESAS E PERSOAS AUTÓNOMAS NO ANO 2025

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
Sección	Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente
Anualidade	2025
Denominación	Liña 3.1. PEL-Pemes Creación e Ampliación: Programa de subvencións á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal no ano 2025.
Persoas beneficiarias	Pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas con domicilio fiscal e como mínimo un centro de traballo nun concello da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes.
Programa	PEL-PEMES CRE/AMP 2025
Aplicación orzamentaria	0520/24100/479
Importe da convocatoria	3.500.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Mínimo: 1.428,58 € Máximo: 21.428,58 €
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo: 1.000 € Máximo: 15.000 €
Importe solicitado	Ata o 70 % do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	Como máximo do 0.70
Gasto anticipado	Non

Exposición de motivos

O contido das presentes bases está enmarcado dentro do establecido no artigo 40 da Constitución Española e nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea conforme á Estratexia Europea de Emprego, ao Plan de Acción do Piar Europeo de Dereitos Sociais, que establece os novos obxectivos no ámbito do emprego e o social a nivel da UE no horizonte temporal de 2030, que marcan como directrices impulsar a demanda de man de obra e apoiar o investimento que redunde na creación de empregos de calidade, aproveitando tamén o potencial relacionado coa transición ecolóxica e dixital I, e na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible promovendo o crecemento económico sostido e facilitando a adopción de medidas urxentes contra o cambio climático a través dos obxectivos de desenvolvemento sostible incluídos na Axenda.

Na súa elaboración tivéronse en conta os datos do Observatorio de Seguimento de indicadores de emprego da Estratexia Europa 2020/2030 de marzo de 2024, publicados pola Secretaría de Estado de Trabajo

A Deputación da Coruña, a través do Plan de Emprego Local (PEL), continúa amosando o seu apoio ao tecido empresarial da provincia, co obxectivo de acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión do territorio, dirixindo estas axudas aos núcleos poblacionais de menor entidade perseguendo adoptar medidas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da provincia e sostemento dos negocios, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a mellora da competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.

O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade especialmente no ámbito rural.

Estas subvencións enmárcanse na liña 3. PEL-Pemes, do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña para a realización de novas contratacións laborais nas empresas. Con elas a Deputación da Coruña quere facilitar tanto a posta en marcha de novos proxectos empresariais innovadores, así como apoiar aos xa existentes, co fin de estimular e impulsar a recuperación do tecido empresarial na provincia da Coruña, , fomentando o desenvolvemento equilibrado do territorio provincial e favorecendo a creación de emprego a través da creación de empresas por parte de novos emprendedores dentro do marco da Estratexia anual de Crecemento sostible da Unión Europea.

Estas subvencións para a creación de emprego nos municipios de menor poboación trata de ser un primeiro apoio á contratación para que as pequenas empresas ou autónomos poidan crear un posto de traballo, de tipo temporal ou indefinido, no municipios máis pequenos da provincia.

Coa finalidade de reforzar o apoio ás empresas da provincia enmarcada nos sectores

estratéxicos emerxentes, se priorizan nestas axudas PEL aquelas iniciativas empresariais con actividades económicas enmarcadas en determinados sectores correspondentes a estratexias estatais e europeas. Estes sectores están enmarcados na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3), que define as prioridades e obxectivos aos que se enfoca o investimento de I+D+i en Galicia no período 2021-2027.

Tamén se tivo en conta á hora de determinar os sectores prioritarios aqueles encadrados nos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, en concreto os referidos ao reto demográfico e a economía dos coidados, fomento dunha economía fundada no uso de enerxías que procuren un menor impacto ambiental, fomento da economía circular e da eficiencia no ciclo da auga, favorecer o turismo sustentable, aumentar a rendibilidade e competitividade da industria agroalimentaria e consolidar unha cultura de crecemento a partir da innovación e a I+D.

Ademais dos sectores recollidos nesta Axenda, existen outros sectores que son un eixo fundamental na economía galega, como son os sectores do Comercio e Turismo. Dado o seu elevado peso na estrutura produtiva e no emprego, a economía galega é moi sensible á evolución do turismo e do comercio polo que a Deputación da Coruña trata tamén de favorecer a estes sectores nas súas axudas.

Como novidade priorízanse por primeira vez nestas axudas a aquelas empresas situadas en municipios da provincia que teñen asinados convenios para a Transición Xusta, que garantan a traballadores e territorios afectados pola transición cara a unha economía máis ecolóxica, baixa en carbono, un tratamento equitativo e solidario, minimizando os impactos negativos sobre o emprego e o despoboamento destes territorios.

A administración do Estado, a través do Instituto para a Transición Xusta (ITX) apoia proxectos e novas liñas de axudas para impulsar o desenvolvemento económico nas zonas de As Pontes e Meirama. Neste caso a Deputación trata de favorecer tamén o desenvolvemento económico destas zonas outorgando unha maior valoración a empresas de municipios de Transición Xusta.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación do 1 de outubro do 2024 ([BOP número 190, do 2 de outubro de 2024](#)).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1. Réxime xurídico

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación a normativa contemplada na base 1. Réxime xurídico das Bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da

Deputación Provincial da Coruña e a que aplica especificamente:

- Lei do estatuto dos traballadores, aprobada por Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.
- Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei xeral da seguridade social.
- Os convenios colectivos aplicables a cada sector.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

Base 2. Obxecto e finalidade

O seu **obxecto** é regular as subvencións á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas (PEL-PEMES CRE/AMP 2025).

A **finalidade** destas subvencións é apoiar ás pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas dos concellos da provincia da Coruña con poboación inferior a 20.000 habitantes para a contratación laboral dun/dunha traballador/a.

Base 3. Solicitantes

Estas subvencións van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas, promotoras de iniciativas empresariais que estén desenvolvendo unha actividade **con ánimo de lucro** e reúnan os seguintes **requisitos con anterioridade** á data de publicación da convocatoria:

- **Ter o domicilio fiscal e como mínimo un centro de traballo* nun concello da provincia da Coruña con poboación inferior a 20.000 habitantes** conforme os datos máis recentes dispoñibles no Instituto Galego de Estatística e segundo o recollido no Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).

*Poderán ser subvencionados aqueles solicitantes que non dispoñan de centro de traballo sempre que conste no Certificado de Situación Censual que a actividade se desenvolve fora dun local determinado e non teñan a obriga legal de dispoñer de centro de traballo

- **No caso de persoas autónomas**, estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou como mutualista de colexio profesional

- **No caso de persoas xurídicas**, estar inscritos no Rexistro mercantil ou no Rexistro público correspondente.
- Estar dado de **alta** nalgunha **actividade empresarial** e constar recollida no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Base 4. Gastos subvencionables

4.1. Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables **os custos salariais e de seguridade social da contratación dun/dunha traballador/a a xornada completa ou parcial durante un período máximo de 12 meses dentro da anualidade 2025.**

Os conceptos de gastos subvencionables nesta liña de axudas son os seguintes:

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
649	Outros gastos sociais

Os gastos subvencionables comprenden os **soldos e salarios**, as **cotas á Seguridade Social**, así como **outros gastos sociais** relativos á incapacidade temporal (IT) da persoa traballadora ou en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio corresponsable do coidado do menor ou da menor lactante, a cargo do empresario.

4.2. Período subvencionable

O período subvencionable comprenderá gastos salariais e de seguridade social das contratacións iniciadas na anualidade 2025 e que teñan unha duración mínima de 6 meses.

O contrato deberá realizarse nas modalidades previstas legalmente (**excepto as exclusións previstas na base 5.3.**), a xornada completa ou xornada parcial (dun mínimo do 50% da xornada ordinaria), e para todos os efectos rexerase pola lexislación laboral vixente.

Subvencionaranse exclusivamente os meses da contratación incluídos dentro da anualidade 2025.

Cada empresa poderá solicitar a subvención para a contratación **dun/unha traballador/a** durante un **período de 12 meses**, durante os cales a subvención cubrirá como máximo o **70%** dos custos salariais e de seguridade social da persoa traballadora. O contrato poderá ter unha duración superior a 12 meses, pero **a subvención cubrirá unicamente os custos correspondentes aos meses do contrato incluídos dentro da anualidade 2025.**

O contrato deberá formalizarse por unha duración mínima de 6 meses.

Aínda no caso dunha contratación realizada na segunda metade do ano 2025, o contrato de traballo deberá formalizarse por unha duración mínima de 6 meses, sendo subvencionables unicamente os gastos de 2025.

4.3. Contía

As entidades poderán presentar un orzamento estimado mínimo de gasto de 1.428,58 € e un máximo de 21.428,58 €, do cal poderán solicitar, como máximo, o 70%.

Importe estimado do orzamento de gastos	Mínimo: 1.428,58 € Máximo: 21.428,58 €
Importe da subvención a conceder	Mínimo: 1.000 € Máximo: 15.000 €
Importe máximo a solicitar	Ata o 70 % do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	Como máximo do 0.70

A **contía máxima** da subvención a conceder será o 70% do orzamento de gastos co límite de **15.000,00€** para as contratacións a xornada completa **ou a parte proporcional correspondente** naquelas contratacións realizadas a xornadas parciais iguais ou superiores do 50% da xornada ordinaria.

O importe a solicitar será como máximo o correspondente á duración do contrato e o tipo de xornada da persoa a contratar segundo o seguinte:

$$\text{Importe máximo a solicitar} = [\text{Número meses do contrato} \times 1.250 \text{ €} \times \text{C.T.P.}]$$

O C.T.P. % - identifica o coeficiente de parcialidade sobre a xornada habitual.

4.4. Supostos excepcionais

4.4.1 Suposto de extinción da relación laboral.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, os/as beneficiarios/as poderán proceder a realizar **ata un máximo de dúas novas contratacións dentro da anualidade 2025** no caso de que se trate dunha baixa voluntaria/dimisión do/a traballador/a, baixa por despido disciplinario individual, baixa por falecemento do/a traballador/a, baixa por pase á situación de pensionista, baixa por excedencia voluntaria, baixa por esgotamento de IT ou baixa por pase á situación de incapacidade permanente, baixa por excedencia maternal/cuidado de fillos, baixa por coidado de familiares, suspensión por violencia de xénero, baixa por non superar o período de proba, baixa por despido por causas obxectivas da empresa, baixa por despido por causas obxectivas do/a traballador/a.

Os/as beneficiarios/as incursos nos supostos excepcionais de extinción da relación laboral indicados no parágrafo anterior que procedan a realizar unha nova contratación, deberán achegar na xustificación da subvención a documentación relativa á baixa anterior e alta do/a novo/a traballador/a tal e como se recolle no Anexo 1. Documentación da xustificación.

A/s nova/s contratación/s deberán formalizarse por un período mínimo de 6 meses .

En canto ao prazo para contratar á persoa traballadora substituta ésta poderá comezar dentro do período máximo de 1 mes antes da extinción da relación laboral anterior.

4.4.2 Supostos de incapacidade temporal da persoa traballadora ou enfermidade ou accidente ou esté en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio corresponsable do coidado do menor ou da menor lactante.

No caso de que a persoa traballadora incorra en incapacidade temporal por enfermidade ou accidente ou esté en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio corresponsable do coidado do menor ou da menor lactante, poderá proceder a contratar outro/a traballador/a para substituír temporalmente ao/á traballador/a incurso/a neses supostos, sempre que a substitución se realice na anualidade 2025.

Os gastos de ambas persoas traballadoras (os da persoa traballadora substituta e os gastos da persoa traballadora incurso nestos supostos) poderán ser imputados na xustificación de gastos que presente a entidade beneficiaria.

Para poder acreditar estes supostos, o/a beneficiario/a deberá achegar a documentación recollida no [Anexo II](#). Documentación da xustificación.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

5.1. Compatibilidade con outras axudas.

- **Compatibilidade con outras axudas do PEL:** as subvencións PEL son compatibles entre si.
- **Compatibilidade con outras axudas da Deputación:** as axudas PEL serán incompatibles con calquera outra axuda concedida por esta Deputación para o mesmo obxecto no mesmo ano.
- **Compatibilidade con outras axudas públicas ou privadas:** as axudas PEL-Pemes serán compatibles con calquera outra axuda pública ou privada para financiar os mesmos conceptos.

5.2. Exclusións relativas ás persoas solicitantes.

Exclúense destas axudas:

- As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de

personalidade xurídica propia.

- As asociacións, persoas autónomas colaboradoras, os autónomos societarios, corporacións de dereito público (confrarías), e as congregacións relixiosas. Entendendo como autónomo societario, aqueles que están obrigados á alta no sistema especial de traballadores por conta propia, segundo o recollido no artigo 305 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, letras b), c), d) e e).
- As persoas socias ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa a presentaron como parte da sociedade e viceversa.
- As entidades definidas como Gran Empresa pola AEAT segundo o Certificado de situación censual da entidade ou «única empresa».
- As persoas autónomas economicamente dependentes (TRADES) regulados na Lei 20/2007 do Estatuto do Traballador Autónomo.
- No caso de solicitantes cunha actividade económica da agrupación 86 (Aluguer de bens inmoables) recollida no Certificado de situación censual, só poderá considerarse válida cando para o desenvolvemento desta actividade se dispoña, alomenos, dunha persoa empregada con contrato laboral a xornada completa.

5.3. Exclusiones relativas á contratación.

Exclúense destas subvencións os seguintes supostos relativos á contratación:

- **Os contratos fixos-descontínuos, os contratos temporais de substitución (excepto para as situacións excepcionais previstas na base 4.4.2) e os contratos con xornada parcial inferiores ao 50% da xornada ordinaria.**
- As **contratacións** realizadas con traballadores/as que **na anualidade 2024 ou 2025 prestasen servizos na mesma empresa** ou «única empresa» mediante un **contrato indefinido ou temporal.**

Isto tamén será de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do/a traballador/a con empresas que se transformaron ou que sexan continuidade de persoas autónomas e das cales proveña a entidade solicitante da axuda.

No suposto de traballadores/as que prestasen o seu servizo a través da modalidade de contrato de formación ou convenio de prácticas non se aplicará a exclusión anterior.

- As **relacións laborais de carácter especial** previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro (Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores).

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma da solicitude regúlase nas bases xerais.

A publicación da convocatoria determinará o prazo de presentación de solicitudes que será do 17/02/2025 , ás 09 :00 horas ata o 17/03/2025, ás 14 :00 horas.

Base 7. Compromisos e obrigas

7.1. Compromisos e obrigas específicos

As persoas ou entidades beneficiarias da liña PEL- Pemes Creación, ademáis dos compromisos sinalados nas Bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña do ano 2025, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas específicos:

- Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á Seguridade Social, de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo que se atope vixente durante a execución do traballo.
- Cumprir a lexislación de protección de datos de carácter persoal.
- Satisfacer **os deberes económicos de carácter salarial e tributario en prazo ordinario**, independentemente do momento do pago da subvención.

No caso de non pagar no mes seguinte o importe líquido total a percibir que figura na nómina, invalidarase a totalidade do gasto do soldo e salario correspondente a esa mensualidade.

- **Manter o nivel de emprego** existente na empresa beneficiaria. Para tal efecto enténdese que cumpre coa obriga de mantemento **cando o número de traballadores da empresa na data de finalización do período subvencionado sexa maior ao existente na data anterior á publicación da convocatoria**. No caso daquelas contratacións realizadas **antes da data de publicación da convocatoria**, a obriga do mantemento do emprego na empresa será desde o momento da contratación do/a traballador/a subvencionado/a e ata a finalización do período subvencionado.

Para comprobar a obriga de mantemento do emprego terase en conta o traballador/a subvencionado/a e o mantemento dos/as traballadores/as indefinidos (Claves de contrato SS: 100, 109, 130, 139, 150, 189, 200, 209, 230, 239, 250, 289)

Enténdese que o/a beneficiario/a da subvención cumpre con esta obriga cando a causa da baixa do contrato sexa por baixa voluntaria/dimisión do/a traballador/a, baixa por despido disciplinario individual, baixa por falecemento do/a traballador/a, baixa por pase á situación de pensionista, baixa por excedencia voluntaria, baixa por esgotamento/ agotamento de IT ou baixa por pase á situación de incapacidade permanente, baixa por excedencia maternal/cuidado de fillos, baixa por coidado de familiares, baixa por despido colectivo, suspensión por violencia de xénero, baixa por non superar o período de proba, baixa por despido por causas obxectivas empresa,

baixa por despido por causas obxetivas traballador/a.

No suposto de que non se incremente o nivel de emprego polos motivos expostos anteriormente deberán achegar dos/as traballadores/as afectados/as a resolución sobre recoñecemento de baixa emitido pola Seguridade Social.

No caso de que a entidade beneficiaria non mantivera o nivel de emprego existente, tramitarase a perda de dereito ao cobro da axuda.

- **Se a entidade/persoa foi beneficiaria desta axuda na convocatoria anterior PEL-Pemes Creación e Ampliación 2024, debe constar de alta no seu cadro de persoal o posto subvencionado nesa convocatoria durante todo o período subvencionado.** No caso de que a entidade/persoa beneficiaria renunciase á dita axuda ou se producira unha perda de dereito ao cobro, non se aplicará esta obriga. Tampouco se aplicará no suposto de falecemento do/a traballador/a, incapacidade laboral permanente ou pase á situación de pensionista.
- A empresa debe ter de alta a actividade empresarial para a que se realiza a contratación relacionada cos perfís profesionais da persoa contratada durante todo o período subvencionado.

7.2. Difusión do apoio da Deputación

A difusión do carácter público do financiamento da contratación realizada levarase a cabo das seguintes formas:

- **No centro de traballo**

Colocación dun cartel a cor cun tamaño mínimo de 210 x 297mm en posición horizontal, nun lugar visible para o público no espazo de traballo ou, en caso de carecer deste, nun lugar relacionado coa actividade empresarial co logotipo da Deputación da Coruña e o do Plan de Emprego Local.

- **Na páxina web**

Debe figurar expresamente o logotipo da Deputación da Coruña e o do Plan de Emprego Local nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.

O único logotipo válido é o que estará dispoñible na páxina web do Plan de Emprego Local. (<https://emplego.dacoruna.gal/axudas>).

Esta obriga entenderase como mínimo desde a data de concesión e ata o pagamento da subvención.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1. Criterios de valoración

A Unidade xestora recollerá a puntuación total de acordo cos seguintes criterios de

valoración das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un **Check-List de valoración** dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude.

A puntuación total das solicitudes obtense mediante a suma automática da puntuación dos criterios de valoración indicados a continuación.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA LIÑA PEL-PEMES CREACIÓN AMPLIACIÓN			
	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA (30 puntos)
1	Poboación do municipio no que se atope o domicilio fiscal da empresa <i>Datos de poboación segundo os últimos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística (IGE)</i> (Máximo 10 puntos)	Menor ou igual a 2.000 habitantes	10
		De 2.001 a 4.000 habitantes	9
		De 4.001 a 5.000 habitantes	8
		De 5.001 a 10.000 habitantes	7
		De 10.001 a 19.999 habitantes	6
2	Actividade económica do solicitante Teranse en conta as actividades económicas que consten de alta no Certificado de situación censual do solicitante <i>Datos referidos á data anterior á de publicación da convocatoria.</i> (Máximo 3 puntos)	Solicitantes de sectores estratéxicos, (só aqueles indicados no anexo III destas bases, con exclusión dos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro)	3
		Solicitantes de sectores agrícolas, gandeiros, forestais e sector pesqueiro (indicados no anexo III destas bases)	1
3	Solicitantes de municipios de Transición Xusta <i>Datos referidos á data anterior á de publicación da convocatoria.</i> (2 puntos)	Solicitantes con centro de traballo ou domicilio fiscal (só no caso de non dispor de centro de traballo) nun municipio con convenio de Transición Xusta (Anexo IV)	2
4	Tipo de solicitante <i>Datos referidos á data anterior á de publicación da convocatoria.</i> (5 puntos)	Persoas autónomas	5
		Cooperativas	
		Sociedades laborais	
5	Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL PEMES	O solicitante non foi beneficiario/a desta axuda	4

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA LIÑA PEL-PEMES CREACIÓN AMPLIACIÓN			
	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA (30 puntos)
	CRE/AMP 2024(*) (4 puntos)	na convocatoria PEL PEMES CRE/AMP 2024	
6	Non ter sido beneficiario/a en ningunha convocatoria anterior de PEL-PEMES CRE/AMP (**) (6 puntos)	O solicitante non foi beneficiario/a en ningunha convocatoria anterior de PEL-PEMES Creación de emprego	6

(*) **Non obterán puntuación neste apartado 5** aqueles/as que teñan sido beneficiarios/as por Resolución de Concesión na convocatoria PEL-Pemes Creación e Ampliación 2024.

(**) **Non obterán puntuación neste apartado 6** aqueles/as que teñan sido beneficiarios/as por Resolución de concesión nalgunha convocatoria anterior de Pel-Pemes 2017, Pel-Pemes Creación e Ampliación 2018, 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023 e 2024.

8.2. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia competitiva, e o tipo de concesión destas axudas será o de **concesión definitiva**, segundo o regulado nas bases xerais destas axudas.

Base 9. Xustificación e pago

9.1. Xustificación da subvención

A persoa beneficiaria da subvención deberá achegar na plataforma SUBTeL, no apartado de xustificación da súa solicitude, a documentación recollida no Anexo 2. Documentación para proceder ao pago da axuda unha vez acreditados o cumprimento dos requisitos e a consecución dos obxectivos previstos na concesión.

O/a beneficiario/a deberá dispor no seu poder da documentación acreditativa da contratación (nóminas, Informe de cálculos globais emitido pola Seguridade social e a correspondente acreditación do pago bancario), xa que lle poderá ser requirido en calquera momento.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención, terase en conta o seguinte:

- Que se realizou a contratación laboral inicial por parte do/a beneficiario/a dentro da **anualidade 2025** e por un **período mínimo de seis meses**, cumprindo as condicións da axuda indicadas nestas bases.

- No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique sexa por un importe igual ou superior ao orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique sexa por un importe inferior ao 100% e igual ou superior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique sexa por un importe inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de desviacións inferiores na duración da contratación e/ou tipo de xornada das indicadas na solicitude, que deberán detallarse na certificación de gastos, o importe a pagar será como máximo o correspondente á duración e tipo de xornada efectivamente realizado pola persoa traballadora segundo o seguinte: [Número meses de contrato x 1.250 € x C.T.P.].

En ningún caso se pagará un importe superior ao importe concedido.

Non se validarán gastos de xornadas inferiores ao 50% da xornada completa ordinaria.

A entidade beneficiaria deberá pagar o importe líquido total a percibir que figura na nómina correspondente ás persoas traballadoras, mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a entidade ordenante (perceptora da subvención), a persoa beneficiaria (a persoa traballadora), o concepto, o importe e a data de pago. En caso contrario invalidarase a totalidade do gasto do soldo e salario correspondente a esa mensuralidade.

O pago de parte dunha nómina en efectivo ou despois do prazo establecido, invalidará a totalidade do gasto do soldo e salario correspondente a esa mensuralidade.

Para os gastos que non excedan de 150€ abondará co recibín do preceptor inserido no propio documento de gasto

9.2. Prazo de xustificación

O/a beneficiario/a da axuda deberá xustificar a través da plataforma telemática SUBTeL os gastos relativos aos meses de contrato da anualidade 2025

O prazo de xustificación comezará o **1 de xullo de 2025** e finalizará o **28 de febreiro de 2026**.

Base 10. Incumprimentos e sancións

Aplicarase o previsto na base 10ª das Bases Xerais.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I. Documentación da solicitude

Declaracións:

- Declaro que a entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos ás persoas solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria, na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña publicadas no BOP nº 185 do 25 de setembro de 2024, nas Bases xerais dos programas de subvencións da Deputación publicadas no BOP nº 190 do 02 de outubro de 2024 e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todos os compromisos e obrigas recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.

Documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- **Certificado de situación censual da Axencia Estatal Tributaria** actualizado.
- **Anexo axudas públicas baixo o Réxime de mínimos solicitadas e/ou recibidas nos 3 últimos anos** (Modelo dispoñible en SUBTEL)
- No caso de PERSOAS FÍSICAS: **Informe de Vida laboral** da persoa autónoma ou certificado da mutualidade correspondente onde conste a data de alta no RETA, ou alta na mutualidade.
- No caso de PERSOAS XURÍDICAS: **Escritura de Constitución** da entidade e as súas modificacións ou variacións posteriores (se as houbese), ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como o documento de inscrición no rexistro mercantil ou rexistro público correspondente (no caso de estar obrigados). No caso das sociedades civís o documento de constitución das mesmas.
- **Autorización de representación** para a presentación da solicitude no caso de non coincidir coa persoa solicitante (só para persoas físicas) ou co representante legal da entidade (só para as persoas xurídicas). Modelo dispoñible en SUBTEL.
- Para asinar a documentación e a presentación da solicitude no caso das persoas xurídicas considerarase como representante legal autorizado o que figure no

Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma SUBTeL.

ANEXO II. Documentación da xustificación

Declaracións:

- No caso de ter sido beneficiario desta axuda na convocatoria anterior PEL PEMES Creación / Ampliación 2024 declara que continúa de alta no cadro de persoal da empresa o posto de traballo subvencionado en dita convocatoria durante o período subvencionado 2025.
- No caso en que os gastos xustificados adecuadamente non acaden o importe mínimo a xustificar, ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: RENUNCIO á parte da achega provincial non xustificada.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: ACEPTO a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).
- Declaro que dispoño no meu poder da documentación acreditativa dos pagos á persoa traballadora (nóminas, informe de cálculos globais emitidos pola Seguridade social e as correspondentes acreditacións dos pagos bancarios).

Documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- **Contrato de traballo formalizado e debidamente comunicado á Oficina de Emprego correspondente.**
- **Informe de vida laboral da entidade beneficiaria e das empresas vinculadas (no caso de que existan) dos anos 2024 e 2025.**
- **Memoria xustificativa** segundo o modelo dispoñible en Subtel.
- **Certificación de gastos realizados** (Modelo descargable en Subtel) e que se xera automaticamente unha vez cumprimentada a relación clasificada dos gastos realizados.

- Relación dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.
- **Modelo de designación de conta bancaria** para incluír no Rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos pagos na Deputación da Coruña.
- **Certificado acreditativo da titularidade da conta** emitido (e asinado electrónicamente) pola entidade bancaria correspondente.
- Acreditación gráfica da **publicidade** realizada e ligazón á web da entidade, no seu caso.

No **suposto excepcional de extinción da relación laboral**, deberase aportar a seguinte documentación específica acreditativa da extinción:

- **Documento de baixa na Seguridade Social** da persoa traballadora que causa baixa
- **Contrato de traballo da nova alta** formalizado e debidamente comunicado á Oficina de Emprego correspondente.

No suposto excepcional de supostos de incapacidade temporal da persoa traballadora ou en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio corresponsable do coidado do menor ou da menor lactante deberase achegar a seguinte documentación acreditativa:

- Informe de Datos para a Cotización do/a traballador/a (IDC) onde se indiquen as datas de incapacidade temporal da persoa traballadora ou en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio corresponsable do coidado do menor ou da menor lactante.
- Contrato de traballo específico da situación de duración determinada (incapacidade temporal do/a traballador/a ou en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio corresponsable do coidado do menor ou da menor lactante) da nova alta formalizado e debidamente comunicado á Oficina de Emprego correspondente.

ANEXO III. Actividades valorables

Actividades económicas a valorar segundo a base 8 dos criterios de valoración:

Actividade económica do solicitante

(aqueles solicitantes que non teñan de alta estas actividades non recibirán puntuación neste criterio de valoración)

SECTOR	ACTIVIDADE	SECCIÓN	DIVISIÓN	GRUPO EPÍGRAFE
SECTORES AGRÍCOLAS, GANDEIROS, FORESTAIIS E SECTOR PESQUEIRO	EMPRESARIAL	1	0	011 a 071
	EMPRESARIAL	1	9	911 e 912
	PROFESIONAL	2	0	012, 013, 021, 022, 024 e 099
	*Estarán tamén incluídos aqueles solicitantes nos que conforme ao artigo 78.2 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, non teñen a consideración de actividades empresariais aos efectos do IAE e non quedan suxeitos o feito impoñible de este imposto, pertencentes aos seguintes Código/Actividade: B01 Agrícola; B02 Gandeira; B03 Forestal; B04 Produción de mexillón en batea; B05 Pesqueira			
CONSTRUCCIÓN DE VEHÍCULOS E TRANSICIÓN A UNHA MOBILIDADE SOSTIBLE	EMPRESARIAL	1	3	361 a 363 383.1 a 383.5 389.1 a 389.9
INDUSTRIA DA MADEIRA	EMPRESARIAL	1	4	461 a 468 473
OUTRAS PRODUCIÓNS DE ENERXÍA	EMPRESARIAL	1	1	151.4
CONSTRUCCIÓN NAVAL, REPARACIÓN E MANTEMENTO DE BUQUES	EMPRESARIAL	1	3	371 e 372
	PROFESIONAL	2	2	212 e 228
INDUSTRIA AERONÁUTICA	EMPRESARIAL	1	3	382 391.2
	PROFESIONAL	2	2	211, 221 e 299
INDUSTRIAS DA PEDRA NATURAL	EMPRESARIAL	1	2	231.2 244.2 a 244.3

Actividades económicas a valorar segundo a base 8 dos criterios de valoración: Actividade económica do solicitante (aqueles solicitantes que non teñan de alta estas actividades non recibirán puntuación neste criterio de valoración)				
				245
CONSTRUCCIÓN DE MAQUINARIA	EMPRESARIAL	1	3	321 393 324.1 329.1
	PROFESIONAL	2	2	311 y 321
ARTES GRÁFICAS E EDICIÓN	EMPRESARIAL	1	4	431.1 a 455.9
				474.1 a 476.9
	PROFESIONAL	2	3	322
			7	751
INDUSTRIA AUDIOVISUAL	EMPRESARIAL	1	3 ,4, 9	393 (únicamente referido a material fotográfico e cinematográfico); 493; 961 a 963 973.1 (servizos fotográficos),
TRANSPORTE	EMPRESARIAL	1	7	722
INDUSTRIA DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS	EMPRESARIAL	1	4	411 a 428
COMERCIO	EMPRESARIAL	1	6	611 a 645 (con exclusión do epígrafe 631) 647 a 665 (con exclusión do epígrafe 652.1)

Actividades económicas a valorar segundo a base 8 dos criterios de valoración: Actividade económica do solicitante (aqueles solicitantes que non teñan de alta estas actividades non recibirán puntuación neste criterio de valoración)				
TELECOMUNICACIÓNS E ACTIVIDADES INFORMÁTICAS	EMPRESARIAL	1	8	843.1 a 843.9 (só servizos informáticos)
	PROFESIONAL	2	2	213, 222 e 225
			7	762 a 765
INDUSTRIA DOS COIDADOS	EMPRESARIAL	1	9	951 e 952
TURISMO	EMPRESARIAL	1	6	681 a 687 855.2 e 855.3
	PROFESIONAL	2	5 e 8	521 ; 882 e 883
INVESTIGACIÓN	EMPRESARIAL	1	9	936.1 a 936.9 991
INDUSTRIAS CREATIVAS	PROFESIONAL	2	7 e 8	751 861 e 862
INDUSTRIA TÉXTIL	EMPRESARIAL	1	4	431 a 455
ARTESANÍA E OUTRAS ACTIVIDADES VENCELLADAS (*)	EMPRESARIAL	1	2, 9	246.2, 246.5 e 246.6 247.2 e 247.4 253.6 255.1 a 255.3 316.2 e 316.4 399.1, 399.3, 399.8 y 399.9 491 e 492 494 e 495 971.2 y 971.3

Actividades económicas a valorar segundo a base 8 dos criterios de valoración: Actividade económica do solicitante (aqueles solicitantes que non teñan de alta estas actividades non recibirán puntuación neste criterio de valoración)				
	PROFESIONAL	2	8	861 e 862

(*) Só se entenderan como artesanais aquelas actividades que reúnan os requisitos previstos na normativa reguladora e que contén coa certificación acreditativa.

Esta táboa de actividades foi elaborada tomando como referencia as actividades económicas recollidas como sectores prioritarios na **Estratexia de especialización intelixente (RIS3)**, pero adaptando as actividades a aquelas máis importantes na provincia da Coruña.

Para aqueles solicitantes que teñan de alta epígrafes do IAE non comprendidos na táboa anterior e realicen actividades económicas da mesma natureza que as sinaladas nestes epígrafes, poderán acreditarlo documentalmente mediante as escrituras de constitución, no caso de persoas xurídicas, ou o certificado de vida laboral, no caso de persoas físicas, cando haxa coincidencia entre o obxecto social ou código CNAE que consten en ditos documentos.

ANEXO IV. Municipios con convenios de Transición Xusta (municipios a valorar segundo o criterio 3 da base 8)

MUNICIPIOS DE TRANSICIÓN XUSTA	
CONVENIO	MUNICIPIO
As Pontes	Cabanas
	A Capela
	Cerdido
	Mañón
	Moeche
	Monfero
	Ortigueira
	As Pontes
	San Sadurniño
	As Somozas
Meirama	Carral
	Cerceda

	A Laracha
	Ordes
	Tordoia

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas con domicilio fiscal e como mínimo un centro de traballo nun concello da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes.

Segundo. Obxecto

O seu obxecto é regular as subvencións á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas (PEL-PEMES CRE/AMP 2025).

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

3.500.000

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase ás 09:00 horas do día 17 de febreiro de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 17 de marzo de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Sexto. Outros datos de interese

O prazo de presentación de solicitudes que será do 17/02/2025 , ás 09 :00 horas ata o 17/03/2025, ás 14:00 horas.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Pequeñas, medianas empresas, microempresas y personas autónomas con domicilio fiscal y como mínimo un centro de trabajo en un municipio de la provincia de A Coruña de menos de 20.000 habitantes.

Segundo. Objeto

Su objeto es regular las subvenciones a la contratación para la creación y ampliación del cuadro de personal de pequeñas, medianas empresas, microempresas y personas autónomas (PEL-PEMES CRE/AMP 2025).

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

3.500.000

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 09:00 horas del día 17 de febrero de 2025, y finalizará a las 14:00 horas del día 17 de marzo de 2025, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

Sexto. Otros datos de interés

El plazo de presentación de solicitudes será del 17/02/2025 , a las 09:00 horas hasta el 17/03/2025, a las 14:00 horas.